

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 10 DE NOVEMBRO DE 2021

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecana

Arribas Álvarez, M. Carmen

Secretario accidental

Prada Rodríguez, Julio

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Rodríguez, Fco. Javier

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Estudantes

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan ausencia:

PDI

Presedo Garazo, Antonio

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e de xeito virtual, mediante o Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe o mércores 10 de novembro de 2021 ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de outubro de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da proposta de Premio Extraordinario do Grao en Xeografía e Historia do curso 2020/21.
4. Renovación de representantes nas distintas comisións da Facultade.
5. Aprobación, se procede, da solicitude de apoio para a catalogación e protección da arquitectura indiana de A Lama.
6. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos que xa foron validados na Comisión de Calidade:
 - 6.1. Plan de promoción do centro do curso 2021/22.
 - 6.2. Informe do PAT do curso 2020/21.
 - 6.3. Informe de coordinación do curso 2020/21 do grao e dos mestrados.
 - 6.4. Informe de resultados de satisfacción do curso 2020/21.
7. Asuntos de urxencia.
8. Rolda de intervencións.

A decana da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de outubro de 2021.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

A decana informa que se cubriron todos os postos para representantes do alumnado, aínda que non houbo representación de terceiro curso, e do PDI con vinculación non permanente, polo que nesta Xunta se procederá á renovación dos postos vacantes nas diferentes comisións e na propia Xunta de Facultade. Da a benvida aos novos representantes, aínda que non se atopan presentes na Xunta, así como aos que xa repiten, como é o caso do profesor Xosé Ramón Campos. Expresa o seu agradecemento tanto ao profesorado como ao alumnado pola súa implicación no devandito proceso electoral.

A continuación, dá conta de que a entrada en vigor do novo regulamento electoral non permite celebrar eleccións ao decanato en período de exames, polo que estas celebraranse finalmente o 31 de xaneiro de 2022, a primeira das datas posibles de acordo co mesmo. Engade que en breve se preparará o calendario electoral e se enviará á Secretaría Xeral para que, unha vez aprobado, poida ser comunicado.

A continuación informa das actividades levadas a cabo polo centro dende o inicio de curso (xornadas relacionadas co proxecto de investigación que dirixe a profesora María López por parte da Área de Historia Moderna; unha conferencia a cargo da Área de Historia de América; unhas xornadas da Área de Historia Antiga; e a actividade do Centro, que consistiu nunha saída de estudos ao Baixo Miño). Engade que proximamente se celebrarán as xornadas de difusión do GEAAT, intervindo a profesora Beatriz Comendador para explicar o seu contido e sentido e lembrar que xa se enviou un correo informativo relativo ás mesmas. Toma de novo a palabra a decana para destacar que tamén está pendente a celebración da Xornada de Orientación Profesional do 19 de novembro, que segue o esquema doutras edicións, cunha primeira intervención de M^a Reyes Fernández González, técnica Superior en Orientación Laboral na Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, que dará paso ás correspondentes aos egresados, coa novidade de que nesta ocasión se centrarán na súa maioría en titulados de Grao, entre eles: Iria Souto Castro (ámbito de investigación), M^a Jesús Requejo (docencia en Secundaria), Ángeles Coello (Arqueoloxía-Xeitura), Francisco López Novoa (Educador patrimonial) e Borja Campos Seijo (que se centrará no acceso á docencia en Secundaria).

A seguir, informa que nos atopamos en período de peche das cuestións relativas a asuntos económicos e amosa a súa satisfacción pola execución practicamente completa do orzamento, tendo en conta, ademais, o incremento experimentado no mesmo no presente exercicio grazas ao reparto máis equitativo dos custos de mantemento do Edificio e malia o que supuxo ter que asumir a case totalidade dos custos derivados dos gastos de tapizado dunha aula.

3. Aprobación, se procede, da proposta de Premio Extraordinario do Grao en Xeografía e Historia do curso 2020/21.

A decana informa que o regulamento do Premio Extraordinario de Grao esixe que o alumnado proposto teña unha nota media superior ao 10% da media da titulación, establecida neste curso en 7,67, sendo proposto polo tribunal o alumno Ramón Estévez Barbosa, que ten unha media de 9,34 puntos. A proposta apróbase por unanimidade.

4. Renovación de representantes nas distintas comisións da Facultade.

A decana somete a consideración da Xunta a renovación dos representantes actuais nas diferentes comisións da Facultade, coas modificacións imprescindibles resultado da necesidade de cubrir os postos vacantes que se produciron, tendo en conta que en breve terase que proceder a unha nova renovación por mor das eleccións ao decanato. Propón, asemade, que sexa o alumnado quen elixa aos seus representantes nas mesmas e, en consecuencia, que se aprobe a nova composición condicionada á remisión dos nomes propostos polo alumnado. A Xunta expresa a súa conformidade coa proposta, aprobándose a composición das diferentes comisións de acordo coa relación que se xunta á presente acta.

5. Aprobación, se procede, da solicitude de apoio para a catalogación e protección da arquitectura indiana de A Lama.

A decana explica que a devandita solicitude que se somete a consideración foi remitida coa presente convocatoria, intervindo a profesora Yolanda Barriocanal para lembrar que a Lei de Patrimonio de Galicia xa contempla as medidas de protección para os bens incluídos no catálogo correspondente. A xunta de Facultade aproba, por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:

Prestar o seu apoio á proposta de catalogación e protección legal da coñecida como “Casa das Balbinas”, sita no concello da Lama.

6. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos que xa foron validados na Comisión de Calidade:

A decana indica que, como ven sendo habitual, os asuntos de calidade foron tratados e validados previamente en Comisión de Calidade. No suposto de que alguén desexe algunha aclaración ao respecto da documentación incluída na presente convocatoria, pode realizala. Non se formulan preguntas, e, en consecuencia, sométense a aprobación os seguintes puntos:

6.1. Plan de promoción do centro do curso 2021/22.

Apróbase por unanimidade.

6.2. Informe do PAT do curso 2020/21.

Apróbase por unanimidade.

6.3. Informe de coordinación do curso 2020/21 do grao e dos mestrados.

Apróbase por unanimidade.

6.4. Informe de resultados de satisfacción do curso 2020/21.

Apróbase por unanimidade.

7. Asuntos de Urxencia.

Non hai.

8. Rolda de intervencións.

A profesora Beatriz Comendador pregunta se este ano non está prevista a celebración dun magosto, respondendo a decana que non lle consta que se levara a cabo ningunha iniciativa en tal sentido. Engade que prevé que se celebrará unha nova Xunta de Facultade antes do Nadal para someter a aprobación as solicitudes de quinquenios docentes, o calendario electoral e informar sobre o estado de contas da Facultade.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13,29 h do día 10 de novembro de 2021, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

O secretario
Asinado dixitalmente
Julio Prada Rodríguez